

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 22 DE NOVEMBRO DE 2024**

**PRESIDENTA:**

**Dona María Sandra Bastos Míguez**

**VOGAIS:**

**Dona María Nava Castro Domínguez**

**Dona Luisa María Sánchez Méndez**

**Don Rafael Domínguez Artime**

**Don Jorge Cubela López**

**Dona Belén Cachafeiro Anta**

**Dona María Pilar Ramallo Vázquez**

**Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso**

**Don Jesús Vázquez Almuiña**

**Dona Ana Laura Iglesias González en  
substitución de Don Paco Ferreira  
González**

**Don Gregorio Luis Agís Gómez**

**Dona Digna Rosa Rivas Gómez**

**Don Gorka Gómez Díaz**

**Dona Nuria Rodríguez Rodríguez**

**Don Javier Iglesias Mougán**

**Dona María Manuela Rodríguez Pumar**

**Dona María Ortega Iñarrea**

En Pontevedra, sendo as doce horas e quince minutos do día 22 de novembro de 2024, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral Servizos Educativos do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

**1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 18 DE OUTUBRO DE 2024 (Expediente 2024.068312)**

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 18 de outubro de 2024.

**2. DAR CONTA DA PUBLICACIÓN E APERTURA DE PRAZO DE SOLICITUDES DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2024 (Expediente 2024.023458)**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da publicación e apertura de prazo de solicitudes do Programa Lecer en Familia 2024, cuxo contido literal é o seguinte:



- **"Aprobación das Bases Regulatoras en XG:** 03/05/2024 e posteriormente modificadas na X.G do 6 de setembro de e do 18 de outubro de 2024.
- **Publicación no BOPPO:** 31 de outubro
- **Prazo de presentación de solicitudes:** do 8 ao 22 de novembro de 2024
- **Dotación:** cento setenta e nove mil euros con (179.000,00 €) con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.
- **Contratación da xestión desenvolvemento e execución do programa:**
  - o Empresa adxudicada: Halcón Viajes S.A
  - o Data de formalización: 5/11/2024

## 1. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar á familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.

Constituída a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove este novo programa que recolle o espírito e os obxectivos de dita Lei, e promove o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoiem e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.

Neste senso a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca a primeira edición dun programa para familias empadroadas na provincia de Pontevedra, entendendo a familia como un poderoso axente de socialización para desenvolver habilidades sociais, e crear tempo de lecer de calidade, no que propiciar o benestar e a satisfacción persoal mediante emocións, sentimentos e afectos positivos.

## 2. Finalidade do programa

Reforzar os lazos familiares nun ambiente de convivencia que permita desconectar do estrés diario e gozar dun ocio de calidade en familia, reactivando emocións positivas para todos os seus membros, a través de actividades destinadas a mellorar a comunicación familiar; fomentando a diversión compartida e a construción de recordos; e desenvolvendo a autoestima e a autoconfianza, ao tempo que favorece o desenvolvemento da autonomía.



### **3. CONTIDO**

*Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra que, como mínimo, sexa de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.*

### **4. PERSOAS BENEFICIARIAS**

*Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.*

*Para os efectos, enténdese por unidade familiar a formada pola/s persoa/s adulta/s e, as fillas e os fillos e persoas maiores que convivan de xeito permanente ou temporal, coa persoa solicitante.*

*Así mesmo, terán a consideración de fillos e fillas as persoas en situación de garda con fins adoptivos e en acollemento familiar.*

*As persoas participantes deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante, e deberán estar empadroadas no mesmo domicilio. Exceptuase o requisito de empadramento no mesmo domicilio, no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal.*

*As persoas interesadas deberán reunir ademais os seguintes requisitos:*

- 1) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 2) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 3) Ser unha persoa autónoma para realizar as actividades elementais da vida diaria.*
- 4) No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os cuidados que precise.*

*Presentarase unha única solicitude por unidade familiar.*

### **5. REXIME ECONOMICO**

*O programa ofrece 2.957 prazas nos seguintes termos :*



➤ **2.907 prazas de réxime xeral:** a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.

**50 prazas de réxime especial:** a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.

Poderán optar ás prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV).

## 6. PROCEDIMENTO DE CONCESION

O procedemento de concesión das 2.957 prazas (de réxime xeral ou especial) levarase a cabo por sorteo entre as solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos e ata esgotar o crédito previsto para o programa en cada modalidade.

As demais solicitudes que cumpran os requisitos quedarán na lista de agarda.

## 7. PREZO

Os prezos para as persoas participantes unha vez descontada a subvención da Deputación serán os seguintes:

- Adultos e maiores de 12 anos 30,80 €
- Menores de 3 a 12 anos 15,40 €
- Menores de 0 a 2 anos 0 €
- Prazas reservadas para persoas  
perceptoras da RISGA ou do IMV 0 €

## 8. ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

- Hotel Carlos I Silgar 4\* (Sanxenxo)
- Gran Talaso Hotel Sanxenxo 4\* (Sanxenxo)
- Hotel Bienestar Moaña 4\* (Moaña)
- Hotel Alda Carril 4\* (Vilagarcía de Arousa)
- Hotel Coia 4\* (Vigo)
- Hotel Pazo O Rial 4\* (Vilagarcía de Arousa)
- Hotel Nuevo Astur & Spa 3\* (Sanxenxo)



- *Hotel Rías Bajas 3\* (Pontevedra)*
- *Hotel Bahía Bayona 3\* (Baiona)*
- *Hotel Sercotel Tres Luces 3\* (Vigo)*
- *Hotel Alda Castelao 3\*(Vilagarcía de Arousa)*
- *Hotel Restaurante Pontiñas 3\* (Lalín)*

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, a previsión estimada de execución do programa será o longo de decembro de 2024 ata o 31 de marzo de 2025, en temporada baixa.

#### **MAIS INFORMACION e DOCUMENTACION RELACIONADA**

Páxina web: <https://www.depo.gal/es/-/lecer-en-familia>

Díptico: <https://www.depo.gal/documents/37861/11507220/Diptico-Lecer-en-Familia.pdf>

Actividades a elixir por establecemento:

<https://www.depo.gal/documents/37861/11507220/Establecementos-Lecer-en-familia-Gal2024.pdf>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

### **3. DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACÍONS NO ÁMBITO SOCIAL PARA O EXERCICIO 2024 (Expediente 2023072106)**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o exercicio 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

#### **DATOS DE INTERESE:**

- **Bases reguladoras** aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno nº 3.33436 de data 9 de febreiro de 2024
- Publicación **BOPPO** nº33 de 15 de febreiro de 2024
- Prazo de **presentación solicitudes**: Do 16 de febreiro ao 14 de marzo de 2024



- **Dotación:** 470.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2313.480.02
- **Solicitudes presentadas** á convocatoria: 140
- **Aprobación da concesión** en sesión ordinaria da Xunta de Goberno do día 31 de outubro de 2024 mediante acordo nº 4.34327.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca cada ano unha liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro có fin de fomentar e promover a realización de actuacións dirixidas aos colectivos que precisan apoio desde o punto de vista social. Esta liña de subvencións ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, superando o centenar de solicitudes anuais sendo as persoas destinatarias finais ao arredor de 5.000 usuarias e usuarios directos e 15.000 indirectos.

Segundo o establecido nas bases reguladoras, a xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, no que a finalidade serán as actividades e os proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio de 2024 dirixidos a colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social.

As subvencións están dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos (tanto na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes coma manterse durante todo o período de vixencia da convocatoria):

- Ter a sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra.
- Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro.
- Carecer de fins de lucro e ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.
- Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- Non incorrer nalgunha das prohibición previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizou de oficio cantas actuacións estimou necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes conforme os criterios, as formas e as prioridades de valoración establecidos na convocatoria.

O órgano instrutor emite informe proposta en data 7 de outubro de 2024 (CSV K8MK19FZRH7Y3XEK) no que se recolle a valoración das solicitudes segundo os criterios de



concesión e no que se detalla o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía (CSV HD2IMOW5ZF8VPMTN), e no caso das excluídas, o motivo.

Con data 08 de outubro de 2024, Intervención emite informe favorable (CSV: WO9KoPGIEoXLTUo1) sobre a tramitación do expediente deixando constancia da existencia de crédito dispoñible para facer fronte a este gasto por importe de 470.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2313.480.02 do vixente orzamento provincial, onde existe crédito autorizado (A nº 202400032420), e indicando que o órgano competente para a concesión das subvencións e disposición do gasto será a Xunta de Goberno, segundo a base 16.2 das aprobadas para a execución do vixente Orzamento Provincial.

Avaliado o informe proposta, fiscalizado pola Intervención, a Comisión de Valoración con data 08 de outubro de 2024 emite acta (CSV: XTUXYD2UJ0ENFRBN), na que propón a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas

Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instructor formulou proposta de resolución provisional (CSV: 4RMI5GNXZFWYZWLP e XNYX4MMWBTF6VN7) das entidades beneficiarias, das excluídas e da aceptación das renuncias da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social en 2024.

Con data 10 de outubro de 2024, BOPPO Nº198, foi publicado o anuncio da proposta de resolución provisional da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o exercicio 2024, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo outorgado de dez (10) días para formular alegacións á resolución provisional e efectuados os axustes derivados das alegacións, formúlase a proposta de resolución definitiva, que contén a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especifica a avaliación dos proxectos e os criterios de valoración empregados, para os 114 expedientes propostos, que figuran como anexo a este informe (RELAC/2024000061), e que supoñen o reparto de 470.000,00 euros con cargo á aplicación 24/231.2313.480.02.

Con data 28 de outubro de 2024 intervención emite informe favorable do expediente (CSV oQASPMXC7N2VB1Co).

De acordo có exposto, considerando que o órgano competente para a aprobar a concesión de subvencións é a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, **a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:**

1º.- A aprobación da concesión das subvencións dirixidas a 114 entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social, que se detallan no documento anexo RELAC/2024000061 (CSV: E3PH7Q2ZMHFBZL16), por un importe total de 470.000,00 € con cargo á aplicación





24/231.2313.480.02 do vixente orzamento provincial, para o que existe crédito autorizado (A nº 202400032420).

2º.- Admitir a renuncia presentada:

Nº	Nº EXTE	NIF	NOME ENTIDADE
1	2024017585	R1500053B	CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO

3º.- Desestimar as **25 solicitudes** que se detallan a continuación con indicación da súa causa:

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE
1	2024017322	F72575616	ARNELA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
2	2024017993	G44887669	ASOCIACIÓN MASGA (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
3	2024018847	G09757576	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA ANDAINA (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
4	2024019032	G94126422	FUNDACIÓN ELISA ABALO (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
5	2024018055	G06776314	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE MONTEPORREIRO (base quinta: estar inscrita no RUEPSS na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes)
6	2024015273	G02837292	ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL RECYCLING (base quinta: finalidades coincidentes co obxecto da subvención segundo os seus estatutos)
7	2024016157	G70058961	FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LAGAR DURACIÓN CRÓNICAS O TERMINALES (base quinta: ter sede social ou delegación na provincia de Pontevedra)





8	2024021644	G36591832	ASOCIACIÓN SOLIDARIDAD SAN ROQUE (base oitava: solicitude fóra de prazo)
9	2024017307	G36024941	ASOCIACIÓN DE PADRES DEL CENTRO OS MECOS DE VILLANUEVA DE AROSA (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
10	2024017328	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
11	2024017588	G15771777	ASOCIACIÓN DE PADRES, MADRES, PROFESIONALES Y AMISTADES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL SPECIAL OLYMPICS GALICIA (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
12	2024019362	G94129863	ASOCIACIÓN RAPACES/ZAS E AMIGOS/AS CON NECESIDADES ESPECIAIS (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
13	2024018843	G70518972	MULLERES SALGADAS - ASOCIACIÓN GALEGA DO MAR (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
14	2024018050	G36427524	FUNDACIÓN IGUAL ARTE (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
15	2024018071	G15752660	FUNDACION RONSEL (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
16	2024017582	G36849883	ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO (base décimo segunda: non acadar puntuación igual ou superior a 40 puntos)
17	2024019035	G15675960	ASOCIACIÓN DE CELÍACOS DE GALICIA (ACEGA) (base décimo segunda: os proxectos que non estean cubertos segundo o anexo 1 non se valorarán nin se lles asignará ningunha puntuación)
18	2024018310	G36843027	ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE CROHN Y COLITIS ULCEROSA DE VIGO (base décimo segunda: os proxectos que non estean cubertos segundo o anexo 1 non se valorarán nin se lles asignará ningunha puntuación)
19	2024013554	G27727593	ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL) (excluída por duplicidade)



20	2024016456	G27813906	ASOCIACIÓN TRASTORNO ESPECTRO AUTISTA VIGO TEAVI (excluída por duplicidade)
21	2024016826	G36021970	ACEESCA ASOCIACIÓN APOYO PERSONAS CON DIVERSIDADE INTELECTUAL (excluída por duplicidade)
22	2024017999	G15747678	ASOCIACIÓN AMICOS (excluída por duplicidade)
23	2024018020	G36843027	ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE CROHN Y COLITIS ULCEROSA DE VIGO (excluída por duplicidade)
24	2024018808	G15675960	ASOCIACIÓN DE CELÍACOS DE GALICIA (ACEGA) (excluída por duplicidade)
25	2024018889	G94129863	ASOCIACIÓN RAPACES/ZAS E AMIGOS/AS CON NECESIDADES ESPECIAIS (excluída por duplicidade)

**4º.-** Autorizar a vinculación de persoal ou servizos externos contratados, segundo o establecido na Base Décimo Sexta, para a subcontratación parcial da actividade subvencionada as seguinte entidades:

<b>SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN POR VINCULACIÓN</b>			
<b>Nº</b>	<b>Nº EXPTE.</b>	<b>NIF</b>	<b>ENTIDADE</b>
1	2024013948	2024013948	ASOCIACIÓN DE ALCOHÓLICOS REHABILITADOS DE PONTEVEDRA
2	2024017324	2024017324	ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO
3	2024018015	2024018015	FUNDACIÓN EOMAIA
4	2024017327	2024017327	ASOCIACIÓN PARKINSON DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

**5º.-** Admitir a alegación presentada pola entidade FUNDACIÓN FAIBEN, pola ponderación do principio de proporcionalidade.

**6º.-** Non admitir as alegacións presentadas polas entidades ASOCIACIÓN DIVERSIDADES e ASOCIACIÓN PÁRKINSON VIGO ao alterar a puntuación obtida segundo os criterios de valoración



*establecidos na base décimo segunda nin a alegación da ASOCIACIÓN DE PADRES, MADRES, PROFESIONALES Y AMISTADES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL SPECIAL OLYMPICS GALICIA ao non alcanzar a puntuación mínima establecida na base décimo segunda.*

*Relación de entidades por Concellos:*

<b>CONCELLO</b>	<b>ENTIDADES SUBVENCIONADAS EXERCICIO 2024</b>
<i>BUEU</i>	<i>1</i>
<i>CALDAS DE REIS</i>	<i>1</i>
<i>CANGAS</i>	<i>7</i>
<i>COVELO</i>	<i>1</i>
<i>CRECENTE</i>	<i>1</i>
<i>A ESTRADA</i>	<i>3</i>
<i>A GUARDA</i>	<i>3</i>
<i>LALÍN</i>	<i>5</i>
<i>MOS</i>	<i>1</i>
<i>NIGRÁN</i>	<i>1</i>
<i>PAZOS DE BORBEN</i>	<i>1</i>
<i>PONTEAREAS</i>	<i>2</i>
<i>PONTEVEDRA</i>	<i>19</i>
<i>PORRIÑO</i>	<i>1</i>
<i>REDONDELA</i>	<i>3</i>
<i>SANXENXO</i>	<i>1</i>
<i>SILLEDA</i>	<i>1</i>
<i>TOMIÑO</i>	<i>1</i>
<i>TUI</i>	<i>3</i>










VALGA	1
VIGO	49
VILAGARCÍA DE AROUSA	7
VILANOVA DE AROUSA	1

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

#### **4. DAR CONTA DA APROBACIÓN DE PRAZAS E POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA +BENESTAR 2024 (Expediente 2023045216 )**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da aprobación das prazas e posta en marcha do Programa +BENESTAR 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

##### **"DATOS DE INTERESE:**

-  **Bases reguladoras:** aprobadas na Xunta de Goberno do 12 de maio de 2024 e modificadas na X.G do 26 de xullo de 2024
-  **Publicación das bases:** 14 de agosto de 2024
-  **Prazo de presentación solicitudes:** Do 16 de agosto ao 5 de setembro de 2024
-  **Aprobación de adxudicación de prazas e constitución de lista de agarda:** RP núm.2024008168 do 18 de outubro de 2024
-  **X.G do 31 de outubro de 2024 (acordo 20.34343) deu conta da aprobación das relacións definitivas, adxudicación de prazas e listado de agarda.**
-  **Dotación:** douscentos vinte e un mil setecentos (221.700,00) euros, con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.
-  **Contratación da xestión desenvolvemento e execución do programa:**
  - *Empresa adxudicada: Halcón Viajes S.A*
  - *Data de formalización: 7/08/2024*

##### **¿En que consiste?**

*Programa dirixido a cidadanía ofrece unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, spa ou*



outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

Ademais da estadía, o paquete comprende pensión completa (coas bebidas incluídas); utilización do spa, do balneario ou doutras instalacións de características similares, un mínimo de dúas horas ao día; e os traslados en autobús.

**Datos 2024**

- Total de solicitudes presentadas: 3.267
- Solicitudes admitidas en prazo, tempo e forma: 3.168, das cales:

<b>DESGLOSE DE PRAZAS SUBVENCION</b>	<b>DE E</b>	<b>IMPORTE SUBENCION/PRAZA</b>	<b>PRAZAS ADXUDICADAS</b>	<b>FINANCIAMENTO TOTAL</b>
PRAZAS DE RÉXIME ESPECIAL CON VALORACION SOCIAL		400 €	14	5.600,00 € * Crédito sobrante de 6.400,00 € o que permite adxudicar 64 prazas de réxime xeral a maiores.
PRAZAS DE RÉXIME XERAL		100 €	2.161(2.097 + 64)	216.100,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>2.175</b>	<b>221,700,00 €</b>

- Solicitudes en lista de agarda: 993
- Solicitudes rexeitadas: 99
  - o Fora de prazo: 3
  - o Desestimación: 1
  - o Non cumpren requisito para ser persoa beneficiaria: 4
  - o Non presentan a documentación esixida: 34
  - o Presentación de máis dunha solicitude de participación: 57

❖ O procedemento de concesión de prazas seguindo a base decimo terceira foi o seguinte:

1. Persoas que precisen dun respiro familiar e que o acrediten
2. Residentes nas entidades colaboradoras do programa "+Benestar" 2024
3. Solicitantes de maior idade
4. Se persistise o empate e houberse máis solicitudes que prazas para adxudicar, a concesión realizarase por orde de presentación de solicitudes.



5. Se houbera máis solicitudes que prazas coa mesma data de rexistro de entrada, o desempate farase por sorteo.

❖ Por concellos o número de solicitudes foi o seguinte:

Concello	solicitudes
Agolada	2
Arbo	2
Baiona	60
Barro	2
Bueu	38
Caldas de Reis	14
Cambados	33
Campo Lameiro	4
Cangas	177
Cañiza, A	21
Catoira	12
Cerdedo - Cotobade	21
Covelo	23
Crecente	11
Cuntis	6
Estrada, A	80
Forcarei	15
Fornelos de Montes	3
Gondomar	37
Grove, O	7
Guarda, A	60
Illa de Arousa, A	52
Lalín	31
Lama, A	15
Marín	105
Meaño	56
Meis	7
Moaña	47
Mondariz	4
Mondariz-Balneario	1
Moraña	24
Mos	65
Neves, As	11
Nigrán	125



<i>Oia</i>	4
<i>Pazos de Borbén</i>	3
<i>Poio</i>	52
<i>Ponte Caldelas</i>	12
<i>Ponteareas</i>	29
<i>Pontecesures</i>	3
<i>Pontevedra</i>	273
<i>Porriño, O</i>	72
<i>Portas</i>	12
<i>Redondela</i>	112
<i>Ribadumia</i>	6
<i>Rodeiro</i>	2
<i>Rosal, O</i>	34
<i>Salceda de Caselas</i>	53
<i>Salvaterra de Miño</i>	26
<i>Sanxenxo</i>	29
<i>Silleda</i>	11
<i>Soutomaior</i>	47
<i>Tomíño</i>	19
<i>Tui</i>	71
<i>Valga</i>	9
<i>Vigo</i>	1.118
<i>Vila de Cruces</i>	21
<i>Vilaboa</i>	17
<i>Vilagarcía de Arousa</i>	48
<i>Vilanova de Arousa</i>	13
	3267

❖ *A demanda por establecementos foi a seguinte:*

<i>Establecemento</i>	<i>Solicitudes</i>
<i>BALNEARIO DE MONDARIZ ****</i>	772
<i>GRAN HOTEL TALASO SANXENXO ****</i>	531
<i>HOTEL SPA CARLOS I SILGAR SANXENXO ****</i>	889
<i>HOTEL SPA GALATEA **** (PORTONOVO)</i>	246





HOTEL SPA NORAT TORRE DE DEZA (LALÍN) *****	165
HOTEL SPA NUEVO ASTUR *** (SANXENXO)	66
HOTEL TALASO LOUXO A TOXA *****	597
	3258

### **Fase de execución**

A empresa adxudicataria comezou a xestión das saídas na segunda quincena do mes de outubro e o 27 de outubro deron comezo as estadias nos establecementos. Prevese a execución ata o 31 de marzo de 2025.

### **Outros datos de interese**

Datos do ano 2023 para a modalidade do programa con pernoita:

- 2.500 prazas ofertadas
  - Réxime xeral: 2.378 prazas
  - Réxime especial : 122 prazas (SERVIZOS SOCIAIS)
- Orzamento : 47.489,72 euros
- Solicitudes de participación recibidas: 1.828
- Prazas adxudicadas: 1.783
- Financiamento da Deputación:
  - Unicamente para prazas de servizos sociais cun máximo de 389,26 euros (122 prazas)
  - As prazas de réxime xeral non tiñan subvención
- As prazas reservadas a servizos sociais eran pouco demandadas ( 14 en réxime con pernoita e 4 en asistencia diaria) ao igual que nos anos anteriores, motivo polo que para o 2024 se axustaron as convocadas á demanda dos derradeiros anos.

### **MAIS INFORMACION e DOCUMENTACION RELACIONADA**

Páxina web: <https://www.depo.gal/web/edepo/-/mais-benestar>

Díptico informativo: <https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/diptico-mais-benestar.pdf>



Establecementos e prezos:

[https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/Establecementosdepotermal\\_gal.pdf](https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/Establecementosdepotermal_gal.pdf)

Tratamentos gratuítos incluídos:

[https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/ACTIVIDADES-COMPLEMENTARIAS\\_GAL.pdf](https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/ACTIVIDADES-COMPLEMENTARIAS_GAL.pdf)

Actividades de animación sociocultural:

[https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/memoria-explicitica-actividades-2024\\_gal.pdf](https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/memoria-explicitica-actividades-2024_gal.pdf)

Accesibilidade dos establecementos: <https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/Informe-accesibilidade-establecementos-gal.pdf>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

#### 5. DAR CONTA DO INFORME SOBRE A FINALIZACIÓN DO PROGRAMA HUB DIXITAL (Expedientes nº 2023030012; nº 2023047633; nº 2023063998)

Dende o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da finalización do Programa Hub, cuxo contido literal é o seguinte:

*"Primeiro. Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno do 27 de outubro de 2023, adoptouse o acordo nº 5.33095 relativo á "Aprobación das bases reguladoras para a selección das persoas participantes nas actividades formativas do proxecto "Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra (Expte. 2023063998)". As bases foron publicadas no BOPPO nº 236 do luns 11 de decembro de 2023.*

*Así mesmo, en relación có desenvolvemento do proxecto formalizáronse dous contratos, un para a contratación da plataforma e outro para a contratación da formación.*

*O contrato da plataforma foi adjudicado á empresa Cinfo Contenidos Informativos Personalizados S.L. o 22 de decembro do 2023 mediante concurso aberto por un importe total de 208.540,91€. O contrato de formación foi adjudicado en dous lotes, o lote 1 á empresa nt-FOR learning S.L, o día 2 de febreiro do 2024, mediante concurso aberto, por un importe total de 34.091,91€; e o lote 2 a Cinfo Contenidos Informativos Personalizados S.L., mediante concurso aberto, o día 2 de febreiro do 2024, por un importe total de 90.952,76 €.*



**Segundo.** En relación co servizo de implantación e desenvolvemento evolutivo da plataforma de formación innovadora, o importe do contrato correspondente ás prestacións relativas á implantación e desenvolvemento evolutivo da plataforma de formación pagouse conforme ao cumprimento dos seguintes fitos:

- *Fito nº1: Implantación do software OTT (SaaS) da plataforma, custos de persoal asociados á implantación da plataforma e realización e carga dunha experiencia formativa e formación interna.*
- *Fito nº2: Subministración de hardware necesario para a dotación das aulas dos concellos de As Neves, Moraña, A Illa de Arousa e Forcarei.*
- *Fito nº3: Elaboración do diagnóstico da e-administración dos concellos de As Neves, Moraña, A Illa de Arousa e Forcarei.*
- *Fito nº4: Desenvolvemento evolutivo da plataforma OTT.*

O importe total correspondente á realización das mencionadas prestacións do contrato foi de 182.416,05 € (IVA incluído).

Consolidado o uso da plataforma e finalizado o desenvolvemento evolutivo, o contrato atópase actualmente na fase do desenvolvemento corretivo da plataforma. Dito servizo de desenvolvemento corretivo dará soporte ás persoas usuarias e resolverá aquelas consultas, incidencias e solicitudes de información derivadas do uso e explotación da plataforma.

**Terceiro.** En relación co lote nº1 do contrato de formación, consistente no servizo de impartición da formación que capacite en competencias dixitais ás persoas "Influencers" que se seleccionen e ás persoas destinatarias da formación, adxudicado á empresa NT For learning SL:

A formación desenvolveuse entre os meses de xuño e xullo nos catro concellos participantes. Leváronse a cabo un total de 35 accións formativas (10 no concello de Moraña, 10 en Forcarei, 8 en As Neves e 7 na Illa de Arousa).

De acordo coa oferta presentada pola empresa adxudicataria, celebrouse un concurso para premiar á mellor persoa "influencer" participante no proxecto, que foi concedido a unha persoa do concello de Moraña e a unha do concello de Forcarei. O premio consistiu nunha tablet. Así mesmo, a finais de outubro e comezos de novembro tiveron lugar os actos de entrega dos diplomas dos cursos formativos ás persoas participantes.

Finalizada a formación, a empresa adxudicaria enviou a documentación relativa ao desenrolo da actividade formativa.



**Cuarto.** En relación có lote nº2 do contrato de formación, consistente na xeración de contidos didácticos audiovisuais e da edición de experiencias audiovisuais xeradas para e polo alumnado, as prestacións do contrato de servizos consistiron na:

- a) Creación de contidos audiovisuais didácticos asociados a cada canal temático da plataforma OTT "Dixitalízate". A empresa adxudicataria elaborou un total de 29 contidos audiovisuais vinculados a cada unha das categorías, así como 3 vídeos adicionais.
- b) Creación e edición de contidos audiovisuais das experiencias de distintos "influencers", ademais da edición e validación dos contidos xerados polo alumnado. A empresa adxudicataria procedeu á elaboración de 35 contidos audiovisuais novos, así como á edición de 2 vídeos realizados polo alumnado.

O importe total do servizo prestado pola empresa Cinfo Contenidos Informativos Personalizados S.L. foi de 90.952,76 €."

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

**6. DAR CONTA DO FALLO DO XURADO DA I EDICIÓN DOS PREMIOS BOAS PRÁCTICAS EN IGUALDADE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expediente 2024014239)**

Dende o Servizo de Igualdade elaboran un informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico do fallo do xurado da I edición dos Premios Boas Prácticas en Igualdade da Deputación de Pontevedra, cuxo contido literal é o seguinte:

*"A Deputación de Pontevedra convocou a I Edición dos Premios ás bos práctica en igualdade , cuxa finalidade dos mesmos é recoñecer publicamente o esforzo realizado polas distintas entidades en materia de igualdade de xénero e contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.*

*Nestes premios distínguense as actividades, proxectos ou programas executados por persoas físicas e entidades, que destaquen como boas prácticas en igualdade de xénero e contra a violencia machista na provincia. Enténdese por boas prácticas aquelas cuxos resultados fosen capaces de reducir as situacións de discriminación e tivesen efectos positivos, favorecendo a igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da violencia de xénero.*

*Por Resolución Presidencial núm. 2024003519 de data 29 de abril de 2024, aprobáronse as bases reguladoras da I edición dos Premios ás boas prácticas en igualdade. Ditas bases publicáronse no BOPPO núm. 107 de 3 de xuño de 2024. Á convocatoria presentáronse un total de 56 candidaturas, das cales só se admiten 44 dado que 12 non cumprían coas bases da convocatoria.*



As candidaturas aos Premios ás boas prácticas en igualdade foron presentadas por entidades locais, culturais, deportivas ou sociais da provincia.

De conformidade coa base decimo terceira das citadas bases reguladoras da convocatoria, as premiadas foron seleccionadas por un xurado, nomeado para estes efectos por Resolución Presidencial núm. 2024003519, de 29 de abril de 2024. As persoas integrantes do xurado nomeado para emitir o resultado da "I edición dos Premios ás boas prácticas en igualdade", son as seguintes:

**Presidenta:** Lucia Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra

**Vogais:**

Rebeca Domínguez Pérez, xefa do Servizo de Comunicación da Deputación de Pontevedra

Ana Isabel Amoedo Garrido, Coordinadora xeral do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra

David Simal Fondevila, xefatura de sección do Servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra

Begoña Fernández Lorenzo, Xestora Cultural do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra

Marta Caldas Fariñas, traballadora social do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra

**Secretaria:** Paloma Dios Puig, Administrativa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra

Resultando que o citado xurado reúne o día 25 de outubro de 2024, no salón de actos do Edificio Administrativo da Deputación de Pontevedra, co obxectivo de valorar as candidaturas e designar ás premiadas e premiados desta convocatoria. Logo da valoración de todas as propostas presentadas, as persoas integrantes do xurado acordan por unanimidade designar como premiadas da I Edición dos Premios ás boas prácticas en igualdade en cadansúa categoría as seguintes:

**Premio ás boas prácticas en materia de igualdade en entidades de Iniciativa social:**

<b>Primeiro premio</b>	Asoc. Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo
<b>Accésit</b>	Asoc. diagnosticados de Cancro de Mama

**Premio á mellor iniciativa cultural en materia de igualdade:**

<b>Primeiro premio</b>	Asoc. Cultural entre bambalinas de Moaña
------------------------	--



*O accésit nesta categoría declárase deserto.*

**Premio á mellor iniciativa deportiva en materia de igualdade:**

<b>Primeiro premio</b>	<i>Club Poio Fútbol Sala</i>
<b>Accésit</b>	<i>Clube Balonmán Cañiza</i>

**Premio á mellor iniciativa educativa en materia de igualdade:**

<b>Primeiro premio</b>	<i>IES Illa de Ons</i>
<b>Accésit</b>	<i>Centro Público de Educación e Promoción de Adultos Nelson Mandela</i>

**Distincións honoríficas**

*A proposta das persoas que compoñen o xurado concédense unanimente as distincións honoríficas, pola súa relevancia, notoriedade e mérito a:*

*O **Centro de Información á Muller (CIM) do Concello da Guarda**, polo seu programa de intervención psicosocial con mulleres vítimas da violencia de xénero ou situacións familiares conflictivas e cos seus fillos/as.*

*E, a título póstumo, a **Carmen Lago Fernández**, cofundadora da entidade de iniciativa social Faraxa pola abolición da prostitución, pola súa loita contra a prostitución e a trata de mulleres na provincia de Pontevedra.*

*Por Resolución Presidencial núm. 2024008933 de data 19 de novembro de 2024, resólvese a concesión dos premios ás entidades e persoas seleccionadas polas persoas integrantes do xurado e, o recoñecemento da obriga e declaración de abono da cantidade de 3.000,00 € a cada unha das premiadas e 1.000,00€ aos Accésit, da que se fixo a correspondente retención do IRPF (15%). Dito abono faise con cargo á aplicación orzamentaria 24/250.2315.480.06.*

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



7. **MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVIEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA** (Expediente 2024075806)

Neste punto a Presidenta da Comisión Informativa, diríxese ás persoas da Comisión para proporlles a posibilidade de facer unha moción conxunta entre os tres partidos políticos para levar ao Pleno e, retirar as dúas mocións presentadas polos grupos da oposición relativas ás reivindicacións do día 25 de novembro.

Intervén a Deputada do BNG D<sup>a</sup> Maria Ortega, sinalando que se nesa proposta conxunta se inclúen os puntos que o seu partido solicita na súa moción, pola súa parte non teñen inconveniente en retirar a moción.

Na mesma liña intervén a portavoz do grupo provincial do PSdeG-PSOE, D<sup>a</sup> Ana Laura Iglesias, que sinala que opina o mesmo que a Deputada do BNG, en todo caso, considera que estas propostas agora, se deben someter ao ditame da Comisión dado que previamente non se presentou ningunha proposta para valoración e ante o descoñecemento queren seguir adiante coas mesmas.

A Presidenta desta Comisión Informativa D<sup>a</sup> Sandra Bastos, recolle a posibilidade de facer unha proposta anterior ao Pleno e remitirla ás persoas voceiras dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG. Tamén lles fai entrega do Manifesto de autoría de D<sup>a</sup> Belen Rubido, maxistrada especializada en violencia machista e xuíza decana de Pontevedra, que se lerá o 25 de novembro no acto que a Deputación de Pontevedra celebrará no Pazo Provincial e ao que están convidadas todas as deputadas e os deputados provinciais.

Proséguese co ditame das mocións presentadas.

O Grupo Provincial do BNG presentou o día 4 de novembro de 2024, co número de rexistro WEB2024067171, unha moción asinada pola deputada provincial do BNG, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de los Remedios Ortega Lñarrea, para o seu debate e votación no Pleno, co seguinte teor literal:

***"Moción do BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista"***

*O grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Deputación de Pontevedra, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*A violencia machista é o problema máis importante que afecta a vida das mulleres na nosa sociedade. Unha violencia que, malia os intentos de negala ou homologala a calquera violencia que impulsan as posicións retrógradas da dereita e da extrema dereita, é consecuencia dun sistema de dominación social contra as mulleres, o patriarcado. A loita contra a violencia machista debe ser*





*unha prioridade política, social e institucional de primeira orde manifestada en propostas concretas.*

*Desde o inicio das estatísticas no ano 2003, compútanse máis de 70 mulleres asasinadas na*

*Galiza, unha cifra incompleta pola limitación das categorizacións dos feminicidios e pola invisibilidade na que aínda quedan moitos casos pola situación de especial vulnerabilidade das vítimas. No que vai de 2024, o feminismo galego convocounos ás rúas para mobilizarnos xa contra tres feminicidios, un deles na nosa provincia, o de Fadoua Akkar, asasinato que deixa tamén unha vítima de violencia vicaria, unha crianza de 13 anos.*

*Mais os feminicidios son a consecuencia máis extrema dunha violencia que no último ano subiu un 12%, segundo os datos da Memoria da Fiscalía. Só na provincia de Pontevedra, durante o mes de setembro están no sistema Viogén 15.126 vítimas e contabilízanse 17.156 casos, dos que 1.733 están activos. Destes, 805 teñen menores a cargo da vítima, 179 en situación de vulnerabilidade, 29 en risco e 270 de especial relevancia.*

*Observamos con preocupación como as cifras se asumen cada vez máis como parte do día a día, normalizándose no lugar de escandalizar. A isto contribúen os discursos negacionistas e banalizadores, mais tamén aqueles que procuran situar a violencia machista como algo individual ou inevitable, cando existe unha responsabilidade colectiva, institucional e social, a de protexer os dereitos humanos e a vida das mulleres.*

*É preciso, polo tanto, avaliar que podemos facer para evitar o avance da violencia machista e dos feminicidios, non só valen minutos de silencio e lazos lila na solapa.*

*No caso da Deputación de Pontevedra o actual goberno do Partido Popular está a laminar o traballo de mandatos previos en materia de Igualdade borrando o traballo, reducindo progresivamente o orzamento da área pasando do 1,17% do total no 2023 a apenas o 0,80% no 2025, mantendo un perfil baixo ou sostendo posicionamentos mornos. Fronte a isto, cómpre revisar posturas e recuperar financiamento para poñer a Igualdade na axenda e traballar de maneira transversal en todas as áreas de goberno.*

*No ámbito galego, Galiza conta cunha lei propia pioneira, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que inclúe medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren. Porén, hai aspectos desta lei que non se compren ou que non se desenvolven e nos que se está a fallar.*

*Un destes aspectos é o da atención psicolóxica, un servizo que dende hai dezasete anos a lexislación contempla que debe ser integral e parte da Atención Primaria. Porén, chega apenas ao 20% das vítimas, que teñen limitadas as súas sesións. Outro aspecto fundamental é reforzar os recursos de proximidade, como os Centros de Información á Muller que, se ben son de titularidade municipal, é a Xunta de Galiza quen fixa os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións, e contribúe ao seu financiamento sen que melloren os recursos, fixen rateos mínimos de persoal nin se amplíen categorías profesionais.*



*Finalmente, cómpre sinalar os pasos atrás no simbólico e na articulación do sistema de protección ás vítimas que está a dar o goberno do Partido Popular. Despois da supresión da Secretaría Xeral de Igualdade e de rebaixar o seu rango institucional, o goberno da Xunta avanza na privatización dos novos recursos aos que obriga o marco estatal de loita contra a violencia sexual malia transferíselle fondos europeos para a súa creación. Esta decisión intolerable vai precarizar a atención ás vítimas, polo que só cabe sinalar que a violencia machista non é un negocio para seguir engordando os beneficios de empresas multiservizos.*

*Ademais dunha data reivindicativa, o 25N tamén cómpre homenaxear a todos os colectivos e mulleres grazas ás que a violencia machista está no centro do debate político.*

*Por todo o exposto, o grupo provincial do BNG somete a debate esta moción e solicita á Corporación provincial a adopción do seguinte ACORDO:*

*1. Instar ao goberno da Deputación de Pontevedra a potenciar a área de Igualdade e aumentar significativamente o seu orzamento, aumentando as axudas de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero destinadas ás asociacións de mulleres e aos concellos da provincia, así como poñendo en marcha iniciativas propias de loita contra a violencia machista.*

*2. Instar á Xunta de Galiza a adoptar prioritariamente as seguintes medidas:*

*o Aprobar e dotar orzamentariamente un plan de reforzo dos recursos e persoal necesario para poder prestar a atención precisa á saúde mental na sanidade pública e dar cumprimento ao mandato de prestar a atención asistencia psicolóxica para vítimas de violencia como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias. Este plan contará cunha partida singularizada nos próximos orzamentos do goberno galego e incluirá, en colaboración co Colexio de Psicoloxía de Galiza, unha proposta de ampliación dos programas xa existentes.*

*o Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.*

*o Rectificar a súa decisión de privatizar os futuros centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e garantir a prestación deste servizo desde o sistema público de saúde, con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial e directamente ao cargo da administración pública, así como a acelerar a súa posta en marcha nas sete áreas sanitarias”.*

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Abstención: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.



A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina favorablemente a moción do Grupo Provincial do BNG para que esta Deputación Provincial reivindicque o día 25 de novembro e tamén a necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista, cos votos a favor das deputadas e deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG e, a abstención do grupo provincial do Partido Popular.

**8. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE RECLAME Á XUNTA DE GALICIA INCREMENTAR DE XEITO URXENTE O REFORZO DOS EQUIPOS DE DEPENDENCIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS (Expediente 2024075831)**

O Grupo Provincial do PSdeG-PSOE presentou o día 19 de novembro de 2024, co número de rexistro WEB2024071636, unha moción asinada pola voceira do grupo, D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias Gonzalez, para o seu debate e votación no Pleno, co seguinte teor literal:

**"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE RECLAME Á XUNTA DE GALICIA INCREMENTAR DE XEITO URXENTE O REFORZO DOS EQUIPOS DE DEPENDENCIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A Deputación de Pontevedra ten competencias en materia de servizos sociais, segundo o previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 63, así como no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no seu artigo 31 sobre as competencias das deputacións provinciais, que se concretan na prestación da asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos, especialmente ós de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos sociais comunitarios municipais.*

*Asemade, o artigo 11 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, atribue ás comunidades autónomas a planificación, a ordenación e a coordinación, no ámbito do seu territorio, dos servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, así como as xestións dos recursos que se precisen para elo. Polo tanto, á Xunta de Galicia correspóndelle a competencia na atención ás persoas en situación de dependencia.*

*O pasado ano, coincidindo co período electoral autonómico, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, publicou un novo decreto de dependencia que regula o procedemento para o recoñecemento desta situación e para a asignación dos servizos ou prestacións económicas que correspondan a cada persoa solicitante. O obxectivo principal, según a Xunta, era o de reducir a carga administrativa e axilizar todo o procedemento.*

*Actualmente, o Servizo de Axuda no Fogar municipal está financiado a través da subvención do Plan Concertado da Xunta de Galicia, coa aportación do Goberno Central de máis do 60% do total.*



*As persoas usuarias participan tamén dese cofinanzamento segundo a súa capacidade económica. A Deputación de Pontevedra destinará 3 millóns de euros, 600.000 € máis que o pasado ano, para sufragar a prestación directa do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que ascende a 1,2 millóns de euros.*

*Neste eido, cada un dos 51 concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes recibirá unha contía que vai desde os 12.000 aos 110.000 euros . Botando contas, lembramos que a Xunta de Galicia aporta só 12€/hora que financia a través do Plan Concertado, o que provoca un esforzo económico co que, novamente a Xunta de Galicia, condena a todos os concellos de Galicia.*

*O novo decreto publicado casualmente antes do período electoral, incluía tamén outras melloras para facilitar o traballo das persoas profesionais que valoran a dependencia, como a creación de novos centros de valoración ou facilidades para xustificar os pagos dos bonos de residencia, centros de día, axuda no fogar ou asistente persoal, e a redución no pepeleo para percibir a axuda por persoa cuidadora na contorna familiar.*

*O Presidente da Xunta de Galicia redefinía o Programa Individual de Atención (PIA) como a receita do servizo ou prestación que cada persoa precisa en función da súa petición. E unha vez aprobado, se non teñen acceso ao servizo solicitado como primeira opción por non dispoñer de prazas, xa se lle asignaría unha prestación económica dende o inicio. Isto contradice a lei estatal que prioriza os servizos sobre as prestacións, poñendo en risco a atención das persoas dependentes ao privatizarse e precarizarse servizos públicos.*

*Outro problema engadido da aprobación do Real Decreto foi a mellora dos ratios de horas asignadas ás persoas dependentes. No grado de maior dependencia, o grado III, pasouse dun máximo de 70 a 94 horas ao mes. Estas novas intensidades aplícanse deixando fora o criterio profesional, sendo a Xunta de Galicia a que asigna a prioridade nunha listaxe de agarda sen apenas mobilidade.*

*Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación a que reclame á Xunta de Galicia a adopción dos seguintes*

#### **ACORDOS:**

- 1. Incrementar de xeito urxente o reforzo dos Equipos de Dependencia do Servizo para garantir unha valoración integral de calidade e dentro dos prazos establecidos na normativa.*
- 2. Incrementar as horas asignadas aos Concello para o Servizo de Axuda ao Fogar na subvención do Plan Concertado da Xunta de Galicia e o prezo por hora do seu cofinanzamento para este servizo.*
- 3. Permitir que sexan as persoas profesionais dos Servizos Sociais as que, baixo o seu criterio e cos informes e valoracións pertinentes, asuman a prioridade de adxudicación das novas intensidades para facilitar o acceso ao Servizo de Axuda ao Fogar de persoas en situación de dependencia que levan anos na listaxe de agarda”.*

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:



1. **Votos a favor: (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
2. **Abstención (2)** do grupo provincial do BNG.
3. **En contra (9)** do grupo provincial do Partido Popular.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para que esta Deputación Provincial reclame á Xunta de Galicia incrementar de xeito urxente o reforzo dos equipos de dependencia do Servizo de Axuda no Fogar e outros acordos complementarios, cos votos en contra das deputadas e deputados do Partido Popular, a abstención do grupo provincial do BNG e os votos a favor do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

9. **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN UN APOIO FIRME CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (Expediente 2024075833)**

O Grupo Provincial do PSdeG-PSOE presentou o día 19 de novembro de 2024, co número de rexistro WEB2024071635, unha moción asinada pola voceira do grupo, D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias Gonzalez, para o seu debate e votación no Pleno, co seguinte teor literal:

**"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN UN APOIO FIRME CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O ano 2024 déixanos a terrible cifra de 40 mulleres asasinadas no noso país, 4 na nosa provincia, todas elas vítimas da violencia de xénero. Unha media de 19 denuncias ao día e os últimos datos recollidos do 1º semestre de 2024 dinnos que se pediron ante os xulgados de violencia sobre a muller 448 ordes de protección, das que se concederon o 63,8 % e os órganos xudiciais galegos ditaron 584 sentencias, das cales o 83,5 % foron condenatorias.*

*A violencia machista constitúe hoxe o principal obstáculo para sermos unha sociedade plenamente democrática e os gobernos de todas as administracións deberían situar esta preocupación nun lugar prioritario das súas axendas políticas.*

*Non podemos considerarnos unha sociedade xusta ata acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e home e ata conseguir a eliminación total de calquera violencia que sexa exercida contra unha muller polo mero feito de selo.*



*E un dos eidos nos que debemos prestar máis atención é tamén no do apoio e concienciación sobre unha das formas de violencia máis extrema como é a prostitución e a trata de mulleres e nenas con fins sexuais.*

*Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes*

**ACORDOS:**

- 1. Aumentar de xeito urxente o orzamento da área de Igualdade ata acadar, cando menos, a cantidade coa que contaba no mandato anterior.*
- 2. Se incrementen os programas de formación en igualdade e prevención da violencia machista.*
- 3. Se impulsen campañas de sensibilización e información, dirixidas aos diferentes sectores de poboación, co fin de contrarrestar as mensaxes negacionistas e incrementar a concienciación e comprensión pola cidadanía das distintas manifestacións das formas de violencia contra as mulleres.*
- 4. Se consensúe unha declaración con todos os grupos políticos que conformamos este pleno para declarar á Deputación de Pontevedra como unha institución abolicionista”.*

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Abstención: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina favorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE na que esixe a esta Deputación Provincial un apoio firme contra a violencia de xénero, cos votos a favor das deputadas e deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG e, a abstención do grupo provincial do Partido Popular.

**10. ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

*Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.*

